  - o Alumnado non transportado de primaria (1 profesor).
- Na etapa de secundaria o profesorado de última hora acompaña á saída aos seus alumnos.

Id.	Medidas en relación coas familias e ANPA

35.	**Actividades extraescolares fóra de xornada lectiva ou posteriores ao servizo de comedor** (previsións para a realización de actividades extraescolares fóra da xornada lectiva ou posteriores ao servizo de comedor, deberán ser coordinadas co organizador do servizo)

A ANPA Barcoma, despois dunha enquisa entre as familias para ver a posible participación en actividades extraescolares, presentou neste centro un calendario, así como un protocolo de medidas de prevención ante a COVID. Tamén entregou o listado de alumnos participantes en cada actividade, para de ser necesario facilitar o rastrexo de contactos estreitos. O horario de actividades é de 16:30 a 17:30.

A citada asociación, en colaboración co Concello de Mazaricos, encárgase tamén da xestión do Servizo de Madrugadores en horario de 8:00 a 10:00 da mañán, logo de recibir permiso da Xefatura Territorial.

Este servizo conta coma no caso das actividades con un protocolo que figura como anexo a este protocolo

36.	**Determinacións para as xuntanzas da ANPA e o Consello Escolar**

As **reunións do Consello Escolar** dependendo da situación epidemiolóxica poderían realizarse segundo dúas modalidades:

- **Telemáticas**
- **Presenciais**: Dado o número de membros do Consello Escolar esta podería ser realizada na sala

CPI Plurilingüe da Picota
C/ Dolores González Jurjo, 14
15256 Mazaricos (A Coruña)
Tlfno_ 881 866 091 Fax_881 866 095
Correo electrónico_ cpi.picota@edu.xunta.es

de profesores respectando as medidas de seguridade e hixiene.

As **xuntanzas da ANPA,** segundo fomos informado pola directiva da ANPA BARCOMA, serán levadas a cabo de xeito presencial, sempre que a previsión de asistentes o permita, na aula MAV do centro e sempre gardando as medidas de hixiene e desinfección preceptivas. Cando non sexa posible respectar estas medidas optarán por outro espazo ou mesmo pola vía telemática.

37.	**Previsión de realización de titoría e comunicación coas familias**

As reunións de inicio de curso faranse por grupo e na propia aula ou nun espazo maior como MAV ou unha das bibliotecas, sempre que o número de asistentes permita a distancia interpersoal. . Queda limitada a asistencia a un solo membro por familia.

Todos os asistentes ás reunións deberán respectar as medidas de seguridade e hixiene obrigatorias.

38.	**Normas para a realización de actividades complementarias / saídas didácticas**

Cada ciclo, departamento e titoría fará as súas propostas de actividades. Estas serán estudadas polos xefes de estudio e o coordinador de actividades extraescolares, que decidirán en función da situación sanitaria e a posibilidade de organización das mesmas. Tentarase respectar os grupos de convivencia, evitando as mesturas de alumnos.

Cando recibamos algunha oferta de actividade por parte da Casa de Cultura ou calquera outra organización, farase tamén a preceptiva valoración de seguridade e cumplimento das nosrmas.

En todo caso teranse en conta as seguintes medidas:

- Evitar mesturas de alumnos de diferentes grupos de convivencia.
- Sempre que o tempo o permita faranse ao aire libre.
- Seguiranse as tarefas de limpeza e desinfección entre quendas.

Id. Medidas de uso do comedor

39.	**Quendas, lugares ocupados polos comensais e priorización do alumnado** (establecemento de quendas para o uso de comedor, determinación dos lugares ocupados polos comensais, priorización do alumnado sobre o resto do persoal do centro)

Debido ao número de usuarios do comedor escolar estableceranse dúas quendas de martes a venres, tres os luns:

- Primeira quenda: Alumnado de infantil, primeiro, segundo e terceiro de primaria, con dous espazos diferenciados (un comedor anexo para infantil de 3 e 4 anos e o comedor habitual para Infantil de 5 anos, 1º, 2º e 3º Primaria).
- Segunda quenda: Alumnado de 4º, 5ºe 6º de primaria.
- Unha terceira quenda os luns con alumnado de secundaria.

As mesas de comedor están dispostas de tal xeito que se respecta a distancia de 1,5 mts en oblicuo establecida no protocolo, con dous alumnos en cada mesa, e estando estas separadas entre sí para respectar dita distancia.

CPI Plurilingüe da Picota
C/ Dolores González Jurjo, 14
15256 Mazaricos (A Coruña)
Tlfno_ 881 866 091 Fax_881 866 095
Correo electrónico_ cpi.picota@edu.xunta.es

A realización de ditas quendas obriga a organizar a vixilancia do alumnado do seguinte xeito:

- Mentres come a primeira quenda a segunda estará no patio baixo a vixilancia de tres colaboradoras de comedor. Coa primeira quenda estarán 9 colaboradoras, distribuidas nos dous comedores..
- Ao saír a primeira quenda procederase, á desinfección dos postos de comedor e a ventilación do espazo.
- Os comensais da primeira quenda ao finalizar sairán ao recreo de comedor baixo a vixilancia das colaboradores que teñen asinadas. Neste momento a segunda quenda accederá ao comedor. Os espazos de recreo despois do comedor serán os mesmos que no recreo de mañá.
- A comida servirase empratada tratando de fusionar cando sexa posible o primeiro e o segundo nun só prato, sobre todo nos meses de setembro e xuño polo escaso tempo do que dispoñemos pola saída do transporte escolar.
- O alumnado levará para o comedor o estoxo no que unha vez sentado no seu posto deberá gardar a máscara.
- Respectaranse os postos asignados o primeiro día, salvo causas xustificadas.
- O alumnado lavará as mans antes de ir ao comedor baixo a organización de quendas do profesor que estea con eles.
- Só poderán ir ao baño os nenos/as de infantil, e irán sos ou acompañados por un pai/nai.
- Os maiores so irán en casos de urxencia.
- O persoal colaborador:
  - ✓ Non dará orde de servir ata que se estea en silencio, igual que entre prato e prato.
  - ✓ Para manter silencio a consigna será levantar a man e todo o alumnado deberá facelo ata que haxa silencio.
  - ✓ Procurará non dirixirse ao alumnado berrando
- O persoal colaborador de comedor, extremarán as medidas de hixiene, protección e distanciamento, tanto co alumnado como entre elas.
- O persoal colaborador ten dereito a comer no comedor escolar. No momento de exercer este dereito cada membro comerá nunha mesa para garantir así o distanciamento. O mesmo fará o persoal de cociña a directora e a encargada de comedor.
- O persoal colaborador que realice o servizo en mesa deberá procurar garantir a distancia de seguridade co alumnado en todo momento.
- Procurarase que as mesmas persoas sexan as que atendan sempre ao mesmo grupo de alumnado.
- A comida, elementos e útiles que se vaian a utilizar durante o servizo de comedor, ocuparán espazos protexidos do contacto co alumnado, podendo utilizarse en caso de ser necesario biombos de separación que delimiten o espazo onde está situada a comida, elementos e útiles e onde se sitúa o alumnado.
- Evitarase que o alumnado poida compartir comida ou bebida.
- A partir do alumnado de 4º ata 6º curso, estableceranse quendas de encargado de curso para servir a comida, así o alumnado de 4º serviralle ao alumnado da súa clase (3º e

CPI Plurilingüe da Picota
C/ Dolores González Jurjo, 14
15256 Mazaricos (A Coruña)
Tlfno_ 881 866 091 Fax_881 866 095
Correo electrónico_ cpi.picota@edu.xunta.es

4º) e os encargados de 5º e 6º aos da súa clase (5º e 6º).

– O establecemento desta organización obriga a flexibilizar os horarios tanto da última hora da mañá como da primeira da tarde.

Para ver a disposición dos postos de comedor ver modelo adxunto.

40.	**Persoal colaborador** (previsión sobre o persoal colaborador, tendo en consideración que debe ser o mesmo durante as diferentes quendas) (non incluír datos de carácter persoal)

Este CPI conta con 12 colaboradoras de comedor que atenderán as tres quendas en función das rateos e das necesidades de cada unha. Respectaranse sempre que sexa posible as mesmas colaboradoras en cada quenda, tanto na vixilancia de comedor coma nos tempos de lecer previos e/ou posteriores a cada quenda.

Os cambios de colaboradoras asinadas a cada curso, tentarase facer ao final de cada trimestre

41.	**Persoal de cociña** (previsión sobre o persoal de cociña e a limpeza da mesma) (non incluír datos de carácter persoal)

O persoal de cociña está formado por 1 cociñeiro e 2 axudantes de cociña.

O persoal de cociña ten a obriga de lavar e desinfectar todo o enxoval, electrodomésticos e utensilios que se utilicen no proceso de elaboración dos menús, así como de desinfectar as mesas e cadeiras despois de cada quenda de comedor.

Id. Medidas específicas para o uso doutros espazos

42.	**Aulas especiais, ximnasios, pistas cubertas...** (realizaranse as previsións que sexan precisas noutros espazos do centro tales como aulas especiais —tecnoloxía, música, debuxo, inglés, laboratorios...— ximnasios, pistas cubertas, salóns ou calquera outro espazo de uso educativo. As previsións incluirán normas de uso e limpeza)

O alumnado poderá desprazarse ás aulas de Música, Educación Física, Informática, laboratorios... segundo os horarios establecidos para cada grupo.

Estas aulas ao ser compartidas por diferentes grupos de alumnos esixen unha desinfección responsable das superficies e do material empregado por parte do alumnado baixo a vixilancia do profesor. Sempre será efectuada polo grupo saínte.

Estas aulas estarán dotadas do mesmo material que as restantes (dispensadores, panos desbotables, ...)

Será obrigatoria tamén a ventilación das mesmas coma en calquera outra.

No caso dos vestiarios, os profesores de Educación Física deberán establecer quendas de alumnado

CPI Plurilingüe da Picota
C/ Dolores González Jurjo, 14
15256 Mazaricos (A Coruña)
Tlfno_ 881 866 091 Fax_881 866 095
Correo electrónico_ cpi.picota@edu.xunta.es

para o uso dos mesmos ao finalizar a sesión de clase.

Sen prexuízo da aplicación das normas de consideracións xerais na aula ordinaria, no caso de aulas de desdobre, Talleres, Laboratorios, aulas de Música, Plástica ou Informática extremáranse os protocolos de limpeza por tratarse de aulas de uso máis compartido.

Nestas aulas tamén é obrigatoria a hixiene mans nas entradas e saídas das mesmas.

O material que sexa compartido, de acordo coa metodoloxía propia de cada materia debe de ser desinfectado ao inicio da actividade e unha vez terminada a clase. Implicárase ao alumnado na concienciación social que ten a limpeza dos elementos comúns de uso privativo.
Onde a materia o permita substituirase o emprego de materiais por simulacións virtuais con medios informáticos co fin de diminuír os contactos co material.

En cada unha das materias adaptarse a metodoloxía da aula evitando a formación de grupos e minimizando o contacto con materiais. En todo caso evitarase que o alumnado estea encarado a unha distancia inferior a 1,5 metros, Nos casos de utilización de instrumentos de vento (especialmente no caso de frauta) nas clases de Música ou nos exercicios de canto a distancia interpersoal elevarase a 3 metros.

No caso da clase de Educación Física o uso da máscara será obrigatorio agás que se realicen no exterior, de maneira individual, a máis de 2 metros e que o uso da máscara resulte inadecuado ou imposibilite a práctica. Na medida do posible minimizarase o uso de materiais que teñan que ser usados por varios alumnos e procurando a súa limpeza e desinfección despois do seu uso ou a realización de hixiene de mans. Coidarase especialmente do uso da máscara nos ximnasios ou polideportivos pechados con ventilación reducida.

43.	**Cambio de aula** (regularase o proceso de cambio de aula ou visita á aula especial ou espazos de uso educativo)

Con carácter xeral, o alumnado debe permanecer no seu sitio durante os cambios de clase.

No caso de ter que trasladarse a outra aula, avisarase ao profesor anterior para que finalice a súa clase 5 minutos antes de xeito que poida organizar a saída ordenada e paulatina do alumnado.

Se houbera outro grupo na nova aula; agardarase a que saia por completo o grupo anterior antes de entrar. Entrarase gardando a distancia evitando que se forman aglomeracións de alumnado durante a espera, ventilarase a aula e o grupo saínte hixienizará pupitres ou mesas e cadeiras.

44.	**Biblioteca** (as persoas responsables da biblioteca establecerán normas de uso acomodadas ás xerais establecidas no protocolo)

- Reducirase o aforo da Biblioteca ao 50%, de tal xeito que só existirán os sitios que poden ser utilizados para que así se manteña a distancia de seguridade e se optimicen os postos dispoñibles.

- Ao rematar os usuarios da Biblioteca hixienizarán os postos que teñan ocupado.

- O alumnado deberá gardar na Biblioteca antes e despois da estancia na mesma as mesmas normas de hixiene que no resto das clases. Para isto a Biblioteca estará dotada do material necesario.

- Contemplarase a necesidade de petición previa para o uso da Biblioteca por parte dun profesor.

- O préstamo de libros ou outro material realizarase de xeito habitual aínda que o devolto deberá permanecer en caixas identificativas e illadas como mínimo catro horas antes de volver aos andeis.

- O uso de xogos de mesa e materiais semellantes farase baixo a vixianza do profesorado, que asinará o material a cada grupo e controlará o uso e desinfección do mesmo.

CPI Plurilingüe da Picota
C/ Dolores González Jurjo, 14
15256 Mazaricos (A Coruña)
Tlfno_ 881 866 091 Fax_881 866 095
Correo electrónico_ cpi.picota@edu.xunta.es

45.	**Aseos** (poderanse asignar grupos de aseos ao alumnado de etapas educativas con carácter exclusivo en atención á realidade do centro)

En Infantil e Primaria o alumnado utilizará os baños mais próximos a súa clase sempre con permiso do profesor.

En educación secundaria o alumnado empregará o servizos máis próximos á súa aula non podendo saír entre clase e clase salvo con permiso expreso dun profesor.

O aforo queda limitado a dúas persoas. Haberá sinalizacións de aforo e espera de quenda.

Retiraranse as portas de acceso aos baños para un mellor control e para evitar puntos de contacto na apertura de portas.

Para facilitar o aforo estarán fora de servizo algúns dos baños interiores.

Procederase á desinfección dos aseos a lo menos dúas veces durante a xornada lectiva e sobre todo despois dos tempos de recreo e comedor que son os de mais afluencia.

Nos baños haberá cartelería con recomendacións sobre o correcto lavado de mans.

Id.	# Medidas especiais para os recreos

46.	**Horarios e espazos** (as determinacións sobre o horario do recreo, os espazos, de ser o caso incluso as divisións dos mesmos, e do uso e orde no recreo realizarase minuciosamente no plan con asignación de espazos a grupos ou niveis coas previsións propias para os grupos estables de convivencia)

Os horarios de recreo serán os seguintes:

- Infantil e primaria: de 12:00 a 12:30 h. (En setembro e xuño, de 11:45 a 12:15)
- Secundaria: de 11:15 a 11:45 h.

Estes horarios pódense respectar pola distribución de espazos segundo grupos de convivencia.

Priorizarase a realización dos recreos no exterior sempre que a climatoloxía o permita. De non ser así os recreos poderán ser levados a cabo nas aulas. Tamén podería ser dividido o corredor central en dous espazos que se utilizarían de xeito rotatorio ao longo da semana. Cando o uso do ximnasio o permita este espazo poderá ser utilizado a este fin coas medidas de hixiene pertinentes.

Anexo plano

47.	**Profesorado de vixilancia** (nas determinacións figurarán os criterios para a asignación do profesorado de vixilancia, existirá un cadro que defina os horarios dos grupos de convivencia estable) (non incluír datos de carácter persoal)

- 4 profesores para infantil e primaria
- 3 profesores para secundaria.

Anexo quendas e plano

CPI Plurilingüe da Picota
C/ Dolores González Jurjo, 14
15256 Mazaricos (A Coruña)
Tlfno_ 881 866 091 Fax_881 866 095
Correo electrónico_ cpi.picota@edu.xunta.es

Id.	**Medidas especificas para alumnado de educación infantil e dos dous primeiros cursos de primaria**

48.	**Metodoloxía e uso de baños** (incluír previsións sobre a metodoloxía na aula e uso de baños que estean situados na mesma, tamén figurarán determinacións sobre o traballo en recantos e de uso do material de aula)

- A pesar de que en infantil se formarán grupos de convivencia estable, estableceremos unha serie de pautas e variacións con respecto a cursos anteriores que permitan minimizar, na medida do posible, o risco de contaxio e propagación.

- Este é un ciclo no que a idade do alumnado e a súa etapa evolutiva invitan á experimentación, á vivenciación, ao intercambio, ao contacto e á liberdade; que xustamente entran en conflito coas medidas de seguridade para evitar contaxios.

Non renunciar a esas características ao mesmo tempo que intenta minimizar os riscos é algo complexo e que intentaremos facer deste xeito:

Asemblea:

No canto de facela todo o alumnado sentado e xunto na zona de tarima, realizarse cos nenos sentados no seu lugar nas mesas, excepto o equipo encargado esa semana de levar a cabo as rutinas iniciais, que ocupará a zona que se destinaba a todo o grupo. Dentro desas rutinas habituais incluirase a lembranza de normas de hixiene e a concienciación do alumnado coa pandemia, actividades que se realizarán presentadas como algo lúdico, así como a hixiene correcta de mans. Neste sentido, deixar claro que nestas aulas o dispensador de xel non estará na parede ao alcance dos nenos, xa que isto podería supoñer un risco, polo que as aulas terán dispensadores de man situados na mesa das mestras, que serán as responsables del e as que o distribúan cando sexa necesario.

Colocación do alumnado / agrupamentos:

Variará a distribución do alumnado na aula, que en vez de estar nunha mesa en gran grupo pasarán a colocarse en grupos de 4 ou 5 alumnos en función do alumnado total da aula. Ao igual que en primaria, eses grupos serán estables e tratarse de reducir a interacción global entre grupos.

Recunchos:

- Os grupos creados para a colocación na aula serán os mesmos para o xogo en recunchos. O material dos recunchos reducirase ao imprescindible e eliminaranse aqueles obxectos susceptibles de levar á boca.

- Antes de ir aos recunchos realizarase unha limpeza de mans e unha vez finalizados repetirase esta acción. É importante o traballo de concienciación para que non leven obxectos e mans á boca.

- Os recunchos poderán empregarse dúas veces por mañá, unha nas sesións anteriores ao recreo e outra nas sesións posteriores. Entre tanto, deberán desinfectarse as pezas empregando un produto viricida e realizar unha ventilación correcta da aula.

CPI Plurilingüe da Picota
C/ Dolores González Jurjo, 14
15256 Mazaricos (A Coruña)
Tlfno_ 881 866 091 Fax_881 866 095
Correo electrónico_ cpi.picota@edu.xunta.es

Uso de baños:

- Atopámonos coa complexidade de que as aulas de 3 e 4 anos teñen aseos compartidos, polo que se sinalizará un sanitario para cada aula e evitarse que coincidan simultaneamente alumnos das dúas aulas. Despois de cada uso pasarase un pano de papel con xel hidroalcohólico para a súa desinfección.
- A maiores, realizarse a limpeza e desinfección completa tres veces por xornada lectiva como indica a norma xeral do protocolo.

Uso de máscara:

- Aínda que a normativa sobre os grupos de convivencia estable non a esixa, cremos que o emprego da mesma en espazos comúns e recreos será beneficioso, tanto a nivel de protección como para xerar un hábito moi recomendable entre a poboación.
- Será labor conxunta de familias e escola traballar os hábitos correctos para colocalas e quitalas de xeito correcto, así como a maneira de gardalas na funda.

Material:

- Antes do comezo de curso facilitarase a listaxe co material propio que debe ter o alumando. Entre este material será moi importante que haxa unha funda para as máscaras con cordón, que permita levala colgada no pescozo.
- Material común: colocarase en gabetas exclusivas para cada grupo. Antes do emprego de material común procederase á limpeza de mans e posteriormente aplicarase o produto viricida.

49.	**Actividades e merenda** (a maiores das previsións xerais sobre recreos existirá unha previsión específica para os xogos e actividades a realizar no tempo de recreo, incluirase unha previsión sobre o tempo de merenda)

Merenda:

- No momento da merenda sepáranse as mesas de cada equipo para ter unha maior distancia frontal entre o alumnado.
- Resulta moi difícil que todo o alumnado desta etapa sexa autónomo para este labor, requirindo en moitas ocasións a axuda do profesorado, que, neste caso puntual, empregará luvas.
- Este curso será máis importante ca ningún outro respectar as merendas que se propoñan no calendario ao inicio de curso, porque dese xeito poderá preverse mellor o tipo de axuda que van requirir os nenos.

Actividades e xogos:

O noso patio permite unha dispersión do alumnado e que poidan evitarse aglomeracións. A presenza de natureza facilita o emprego da imaxinación para que os nenos xoguen e interactúen co medio.

Aínda así, proporanse diversos xogos que permitan a diversión sen contacto e con menos nivel de risco, como poden ser os xogos de precisión, os motórico-coordinativos (mariola, xoaniña, goma, comba) as agachadas.

CPI Plurilingüe da Picota
C/ Dolores González Jurjo, 14
15256 Mazaricos (A Coruña)
Tlfno_ 881 866 091 Fax_881 866 095
Correo electrónico_ cpi.picota@edu.xunta.es

Id.	# Medidas especificas para alumnado de NEE

50.	**Medidas** (o equipo COVID, en colaboración co departamento de orientación, establecerá as medidas concretas en relación coa diferente tipoloxía de alumnado con NEE)

Na atención ao alumnado con necesidades educativas especiais recoméndase o uso das máscaras dentro e fóra da aula cando non se cumpra coa distancia mínima de seguridade. No caso de non poder facer uso da mesma optarase por outras fórmulas que garantan a protección individual como pode ser o uso de pantallas e mamparas así como a protección colectiva, establecendo grupos de convivencia estable formados polo alumnado do mesmo grupo docente e aula. Neste caso limitaranse as interaccións dos grupos.

O persoal que preste atención a este alumnado valorará o emprego de pantallas / viseiras no caso de que o alumnado non poida facer uso das máscaras e a súa atención requira no respectar a distancia de seguridade.

No caso de que o alumnado non teña autonomía, organizarase o acompañamento deste nas entradas, saídas, traslado polo centro e no momento do recreo, así como na hixiene de mans nos momentos de entrada ao centro, cambio de aula e de actividade, despois de ir ao baño, tras esbirrar ou tusir, antes, durante e despois da comida e en todos os casos casos que sexa preciso, dando sempre marxe ao desenvolvemento da súa autonomía.

O departamento de Orientación colaborará co equipo Covid na identificación das necesidades de protección e hixiene que este alumnado precisa para a súa atención.

O centro educativo axustará todas as indicacións e comunicacións dirixidas a este alumnado que ten escolarizado, aos diferentes sistemas de comunicación utilizados co alumnado con necesidades educativas especiais.

51.	**Medidas e tarefas. Seguimento** (particularizaranse as tarefas e medidas que o persoal docente e coidador debe de extremar en relación co alumnado, as medidas serán obxecto de seguimento continuo para a súa adaptación a cada circunstancia)

A coidadora desenvolve o seu traballo a maior parte do tempo na aula de 6º de Educación Infantil, ainda que en momentos puntuais podería ser necesaria para algún alumnado de 4º de Educación Infantil. As tarefas que debe desempeñar foronlle entregadas por escrito pola orientadora do centro.e son as que siguen:

- Recollida de alumnos en transporte e acompañamento na saída.
- Axudar ao alumnado nos desprazamentos no centro.
- Acompañar aos aseos.
- Axudar ao alumnado asinado no comedor e nos recreos tanto de comedor coma no recreo ordinario.
- Cambiar, se fose necesario, ao alumnado que o precise.
- Axudar e mesmo ensinar ao alumnado ao que atende o correcto uso de mascarilla e de hixiene de mans.

Esta traballadora coma todo o demáis persoal do centro cumprirá as normas de hixiene e pro-

CPI Plurilingüe da Picota
C/ Dolores González Jurjo, 14
15256 Mazaricos (A Coruña)
Tlfno_ 881 866 091 Fax_881 866 095
Correo electrónico_ cpi.picota@edu.xunta.es

tección recollidas neste protocolo, e extremará a hixiene cando deba atender a alumnado de diferentes grupos.

Como no seu traballo non sempre poderá manter a distancia interpersoal, é fundamental o cumprimento de uso de mascarilla e mesmo de pantalla, e ter unha hixiene de mans frecuente e axeitada.

Procurará nos desprazamentos polo centro ensinar co seu exemplo a maneira de seguir as sinalizacións e vixiar o uso mascarilla e de hixiene do alumnado ao que atende.

CPI Plurilingüe da Picota
C/ Dolores González Jurjo, 14
15256 Mazaricos (A Coruña)
Tlfno_ 881 866 091 Fax_881 866 095
Correo electrónico_ cpi.picota@edu.xunta.es

Id.	# Previsións específicas para o profesorado e persoal non docente

52.	**Medidas** (para as reunións de profesorado, uso da sala de profesores e departamentos estableceranse as medidas que sexan oportunas en función do número de persoas e aforos dispoñibles. Existirán previsións para o uso de máquinas de vending ou cafeteiras)

Sala de profesores:

- O tamaño da sala de profesores permite a estancia simultánea de 20 persoas máximo, sempre respectando as normas de seguridade e vixiando a ventilación deste espazo.

- As reunións de máis de 20 persoas levaranse a cabo na sala de MAV grande o que permite o distanciamento social.

- A sala estarán dotada de dispensadores e material de desinfección igual que o resto dos espazos.

- Será responsabilidade individual dos usuarios dos ordenadores a limpeza y desinfección dos equipos de traballo.

- Para empregar a **máquina de café** os usuarios deberán realizar unha limpeza de mans, ao finalizar, deberán empregar a papeleira de pedal para tirar os vasos desbotables.

Conserxería: Aforo máximo de 2 persoas. Impedirase a entrada do alumnado e persoal externo ao centro.

Secretaría: Aforo máximo de 4 persoas. Este espazo dispón de mampara para atención ao público que veña a realizar as súas xestións; así como de dispensadores de xel e desinfección para os usuarios.

Os usuarios das fotocopiadoras deberán proceder á desinfección de mans e das máquinas antes do seu uso.

53.	**Órganos colexiados** (o centro incluirá previsións para acomodar ás situacións máis seguras a reunión dos órganos colexiados do centro mediante o uso, de ser o caso, de ferramentas de comunicación a distancia)

Reunións dos órganos colexiados:

1.- Claustro: levarase a cabo en MAV nas condicións expostas no punto anterior. No caso de que a situación o impida, empregarase a comunicación telemática.

2.- Consello Escolar: neste caso empregarase a sala de profesores, que permite que os membros garden a distancia social e poidan reunirse en condicións de seguridade.

Igual que no caso do Claustro, de ser necesario, empregaranse medios telemáticos.

CPI Plurilingüe da Picota
C/ Dolores González Jurjo, 14
15256 Mazaricos (A Coruña)
Tlfno_ 881 866 091 Fax_881 866 095
Correo electrónico_ cpi.picota@edu.xunta.es

Id. Medidas de carácter formativo e pedagóxico

54.	**Formación en educación en saúde** (de conformidade coas previsións do plan de formación do profesorado e cos programas formativos existentes no centro intensificarase a educación en saúde, particularmente na prevención fronte a COVID-19, no plan existirá unha previsión das actividades que ao longo do curso se realizará co alumnado e unha previsión xeral do carácter transversal da prevención e hixiene fronte ao SARS-CoV-2)

Ao longo de todo o curso e de xeito transversal terá un carácter prioritario a prevención e hixiene fronte á COVID-19.

Con respecto a este punto, cumpriranse coas premisas descritas no protocolo das Consellerías de Educación e Sanidade.

55.	**Difusión das medidas de prevención e protección** (o Plan regulará a difusión da información das medidas de prevención e a distribución das medidas e comunicacións que realice a Consellería de Sanidade e a de Educación, así mesmo, en colaboración co centro de saúde de referencia, incluirá posibles charlas do persoal sanitario sobre a prevención e protección; establecerase a información que será de uso obrigado na web do centro).

Empregaranse todas as canles de comunicación que o colexio utiliza para a difusión de toda a información de relevancia con respecto a este tema, en especial ás enviadas polas Consellerías de Educación e Sanidade.

Do mesmo xeito, facilitarase o acceso a documentación e charlas formativas de interese.

56.	**Profesorado coordinador da xestión e dinamización das aulas virtuais** (o plan determinará o profesorado que, en función dos seus coñecementos e experiencia, será o encargado de coordinar a implantación das aulas virtuais, a comunicación coas persoas asesoras Abalar ou Edixgal e coa UAC; o persoal docente designado colaborará cos compañeiros que teñan maior dificultade na implantación das aulas e divulgará as accións de formación que estean dispoñibles para o conxunto do persoal docente e dos contidos existentes —engadir unha fila por profesor/a—)

Todo o profesorado do centro ten unha formación básica que lle permite empregar as aulas virtuais e dixital, como quedou demostrado ao longo de curso 19/20e 20/21.

En calquera caso, a coordinadora da Aula Virtual serán a responsable do traballo de mantemento da aula virtual (xestión da administración, páxina de inicio, creación de cursos e subida de información básica), que, a día de hoxe, xa está preparada para o comezo de curso cos cursos do 2021/2022 creados. O resto de funcións (comunicación coa UAC, o asesor Abalar de zona, divulgar accións de formación...) tamén forman parte das tarefas do Equipo TICs.

O seguinte cadro recolle, ademais do coordinador TIC, coordinador da aula virtual:

Profesor/a	Cargo
Marcos Furelos Fabeiro	Coordinador TIC / Edixgal
Óscar Mato Collazo	Titor de 5º Primaria (grupo Edixgal)
Cristina García Lueiro	Coordinadora da aula virtual de secundaria
Isabel Carballo Pena	Profesora de Tecnoloxía de ESO
Óscar Romero Almallo	Secretario do centro

CPI Plurilingüe da Picota
C/ Dolores González Jurjo, 14
15256 Mazaricos (A Coruña)
Tlfno_ 881 866 091 Fax_881 866 095
Correo electrónico_ cpi.picota@edu.xunta.es

57.	**Previsións derivadas do documento "Instrucións de inicio de curso"** (o plan poderá conter aquelas previsións existentes no documento de "Instrucións de inicio de curso" aprobadas pola Dirección Xeral que teñan relación coas medidas de adaptación ao contexto da COVID-19 e que deban ser coñecidas polo conxunto da comunidade educativa)

O Equipo Directivo elaborou o Plan de Acollida que será publicado coa maior brevidade posible para que a comunidade educativa poida organizar o mes de setembro. Este documento recollerá as datas das reunións coas familias e os horarios de entrada e saída do primeiro día.

Levará recollido tamén unha estimación do período de adaptación para o alumnado de 4º de infantil.

58.	**Difusión do plan** (o "Plan de adaptación á situación COVID-19" é un documento público do centro que estará a disposición das autoridades sanitarias e educativas e poderá ser consultado por calquera membro da comunidade educativa, será obxecto de difusión na páxina web do centro e por aquelas canles que o centro considere oportunas)

A versión 1 deste plan de adaptación a situación covid será sometida a estudo e avaliación dos diferentes equipos docentes que farán as súas aportacións. Estas serán valoradas e incluídas se é posible. Unha vez conformada a versión definitiva do Plan de adaptación do centro será publicado na web, comunicarase a súa publicación as familias a través da aplicación Abalarmóbil e aos membros do Claustro e Consello Escolar a través de correo electrónico.